

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno que terá lugar o xoves, día 23 de setembro de 2010, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 18/10, do 9 de setembro.

Asesoría Xurídica

2.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 29/07/2010, pola que se dispón a interposición de recurso de apelación contra a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número tres dos da Coruña, do 12/07/2010, recaída en recurso PA 409/2009, interposto por esta Deputación provincial contra a resolución da Presidencia de Augas de Galicia, do 09/09/2009.

3.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número dous dos da Coruña, do 30/06/2010, recaída en PA 241/09, interposto por *Mapfre Seguros Generales, SA*, sobre responsabilidade patrimonial, e auto con data do 23/07/2010, aclaratorio da devandita sentenza.

4.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 10/09/2010, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no recurso PA 330/2010, interposto por don Jaime Salvador Sánchez Vázquez, sobre responsabilidade patrimonial.

5.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 10/09/2010, pola que se dispón a comparecencia no recurso PA 247/2010, interposto por dona María Esther Noriega Seijo, contra o Consorcio das Mariñas, sobre responsabilidade patrimonial.

6.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 14/09/2010, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PA 293/2010, interposto pola empresa *Caneiro y Lorenzo Gestión, SL*, sobre responsabilidade patrimonial.

7.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 29/07/2010, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial, como parte interesada, no procedemento concursal nº 194/2010, que se tramita á entidade *Kotlas, SL*, ante o Xulgado do Mercantil nº 1 dos da Coruña.

8.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 08/09/2010, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial, como parte interesada, no procedemento

concurzal nº 188/2010, que se tramita á entidade *Talleres y Aplicaciones del Eume, SLU*, ante o Xulgado do Mercantil nº 1 dos da Coruña.

9.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 08/09/2010, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no PO 340/2010, interposto por Iberdrola Renovables de Galicia, S.A.U., sobre tributos.

10.-Toma de coñecemento da sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número dous dos da Coruña, do 01/09/2010, recaída en PO 392/2008, interposto por dona Teresa Fuentes Pérez, sobre taxa de recollida de lixo.

11.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia, do 13/09/2010, pola que se dispón a comparecencia desta Deputación provincial no rec. nº PO 331/2010, interposto por *Iberdrola Renovables de Galicia, S.A.U.*, sobre liquidación do IBI de características especiais, exercicio 2009, do inmovible denominado Parque Eólico Pedregal Tremuzo-I, sito no Concello de Outes.

Patrimonio e Contratación

12.-Modificación do acordo da Xunta de Goberno do 26.08.2010 relativo á adxudicación provisional das rutas de sendeirismo lote 2, terceira fase da anualidade 2010 do Proxecto Mandeo.

13.-Corrección de erro no acordo 42 da Xunta de Goberno do 26.08.2010, polo que se aproba o contrato menor para realizar un curso de promoción do persoal celador a auxiliar educador.

14.-Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para adxudicar definitivamente o contrato de redacción de proxecto, tramitación de autorización, execución, legalización e posta en marcha de instalacións solares fotovoltaicas para xeración de enerxía eléctrica en instalacións municipais da provincia da Coruña.

15.- Toma de coñecemento da Resolución da Presidencia pola que se avoca a competencia para adxudicar definitivamente o contrato de redacción de proxecto, tramitación de autorización, execución, legalización e posta en marcha de instalacións solares térmicas en instalacións municipais da provincia.

16.-Adxudicación provisional dos servizos de impresión, tratamento e distribución de comunicacións e notificacións da Tesourería da Deputación.

17.-Adxudicación provisional do contrato de servizos de encadernación de axenda da Deputación 2011.

18.-Adxudicación provisional de rutas de sendeirismo lote 3. Proxecto Mandeo (Paderne, Oza, Coirós e Cesuras) Terceira fase da anualidade 2010 do Proxecto Mandeo.

19.-Adxudicación provisional do contrato de encadernación do libro “Manuel Quintana Martelo”.

20.-Adxudicación provisional do contrato de subministración e instalación de comportas na presa de Rosadoiro, no Polígono Industrial de Sabón-Arteixo.

21.-Adxudicación provisional da contratación dos servizos necesarios para a información ao público nos procesos de valoración colectiva de carácter xeral do catastro urbano para os concellos de Carnota, Toques e Vedra.

22.-Adxudicación provisional para a contratación da elaboración do terceiro estudo de caracterización da calidade das augas dos ríos Mendo e Mandeo (indicadores físico-químicos) incluído dentro da actuación A.2.5 do Proxecto Mandeo, cofinanciado con fondos Feder nun 7% dentro do eixe 5 “Desenvolvemento local e urbano sostible”.

23.-Adxudicación provisional para a contratación dun Plan de márketing, comunicación e comercialización do destino turístico Ferrol-Ortegal dentro da cuarta anualidade Plan de dinamización do produto turístico Ferrol-Ortegal.

24.-Adxudicación provisional para a contratación da xestión económico-administrativo e control financeiro das actuacións, a coordinación técnica e o seguimento do proxecto Parnet-Tic, financiado polo Feder dentro do programa Sudoe.

25.-Adxudicación definitiva das obras comprendidas na terceira fase da anualidade 2010 do proxecto Mandeo: rutas sendeirismo lote 4 (Sobrado, Betanzos, Coirós e outros).

26.-Adxudicación definitiva do contrato de dirección do contrato de determinación do tipo de bens e subministración, instalación e posta en marcha de equipamento para a mellora da eficiencia enerxética en 83 concellos e desestimación de recurso de reposición.

27.-Aprobación do contrato menor de reposición de mosquiteiros na cociña do F.I. Emilio Romay.

28.-Aprobación do contrato menor de substitución do compresor da bomba de calor do pazo provincial.

29.-Aprobación do contrato menor de subministración de 20 conxuntos de ordenador persoal, pantalla TFY e impresora láser de posto con destino á Deputación.

30.-Aprobación do contrato menor de subministración de dúas gaitas galegas para a súa cesión en propiedade á Casa de Galicia de Montevideo.

31.-Aprobación do contrato menor de subministración de 3 títulos da colección “A igualdade conta” e realización de 8 espectáculos infanto-xuvenís de representación dos contos en concellos da provincia.

32.-Aprobación do contrato menor de participación da Deputación na Feira “Expogalaecia 2010”.

33.-Aprobación do contrato menor de substitución dunha cámara de CCTV avariada no edificio administrativo.

34.-Aprobación do contrato menor consistente nos servizos de implementación de entrevistas aos principais axentes na xestión de riscos como parte das actividades a executar pola Deputación da Coruña no proxecto ANCORIM.

35.-Proposta para contabilizar o prezo do contrato de subministración de papel de reprografía con destino á Deputación Provincial da Coruña con IVE ao 18%.

Persoal

36.-Autorización de traballos extraordinarios persoal funcionario. Sección Instrucción de sancións de tráfico.

37.-Aboamento de cantidades en concepto de produtividade adicional. Parque Móbil.

ROGOS E PREGUNTAS